

Homenaxe a Marilar Aleixandre da AELG

TRAXECTORIA: A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrará este sábado en Santiago a XVI edición da homenaxe *O escritor na súa terra*, que recaerá este ano na figura e na traxectoria de Marilar Aleixandre.

Segundo a AELG, esta celebración ten como obxectivo recoñecer a "entidade literaria" de "insignes figuras" das letras galegas a través dunha serie de eventos como a entrega dun galardón, a

plantación dunha árbore simbólica e a colocación dun elemento conmemorativo no lugar de orixe do escritor. Ás 11.45 horas terá lugar a plantación do abruñeiro na avenida de Barcelona, onde se descubrirá un monolito e unha placa que atribúe o nome da homenaxeada ao parque. Ás 13.00 horas, entregárase un galardón coa letra E no Salón Nobre do Pazo de Raxoi e ás 14.30 horas haberá unha comida no pazo do Carmen. **E.P.**



Marilar Aleixandre